



O Grove (I)

Por Javier Fernández Soutullo

Entre os mil areais, que se tenden ó sol, recibindo o bico das ondas; as nosas rúas; o porto; a lonxa e os bosques; as nosas costas bañadas polo océano Atlántico que rodea as dúas parroquias de San Martiño e San Vicente de O Grove;...



... Nas colleitas, a vendima, a esfolla do millo e tamén no noso xeito de vivir, de cantar e dicir das nosas xentes, tan vivaz e floreado,...

... Poucas veces se lle deu a unhas xentes unha terra máis adecuada para vivir. O grovense e O Grove, fixéronse mutuamente e nótase en nós a profunda pegada da nosa terra e así mesmo en O Grove a de quen desde tempos inmemoriais o habitan.

Un bosque, un muíño, unha igrexa, unha fonte, todo está en harmonía e equilibrio co más arraigado da nosa historia.

Cunha dignidade especial, temos dereito á prosperidade e, ademais, á riqueza e ó desenrollo da nosa cultura.


Queda nestas liñas unha mirada atrás no transcorrer dos séculos. Desde os inicios da presencia humana nas nosas terras, este, foi e é para as xentes que aquí se estableceron un lugar forxado no traballo e na loita continua de pobos e asentamentos. Estes reflicten uns principios Centro - Europeos, Celtas, Visigodos, Suevos, Romanos, Musulmáns, etc. Todos deixaron marcada a súa presencia con importantes xacementos como os de Cantodorxo, Adro Vello, A Lanzada, Siradella, O

Castriño, Ardia, etc. Sendo O Grove sempre lugar privilexiado para os asentamentos de xentes e culturas, recibidos no noso solo durante séculos.

Xeralmente a antiga Illa de O Grove (o primeiro mapa reflicte a súa peninsularidade en 1784), hoxe unida a terra polo istmo de o Bao, de constitución dunar areosa.

Foi sempre posición estratégica para a defensa e dominio da comarca e da ría de Arousa. As súas riquezas naturais fan de O Grove un lugar cobizado durante séculos por defender un lugar que aínda hoxe é un dos máis belos da costa noroccidental de España.

Hoxe vila mariñeira por excelencia, pioneira na industria mexilloeira, senta as súas bases socio-económicas no mar e no turismo. Onde a tradición e o moderno se da a man nas súas rúas e xentes, deste xeito se reflicte o sabor mariñeiro e humano da súa poboación, verdadeiro sentir da terra de O Meco.



Javier Fernández Soutullo



CASA FUNDADA EN 1.931

Habitaciones con baño
y televisión

Teléfonos: 986 731 187
630 402 208 - 986 733 007

**H
O
T
E
L**

Maria Aquino

C./ Pablo Iglesias, 26
36980 O Grove
(Pontevedra)

LOLY MASCATO REY

Restaurante - Pizzería

Maria Aquino

Especialidad en cocina tipica Italiana

RISOTTO AI FRUTTI DI MARE

PENNE ALL'ASTICE

OSSI - BUCHI MILANESE

Teléfs.: 986 731 187

C./ Pablo Iglesias, 26
36980 O GROVE (Pontevedra)

